

BASES DE PARTICIPACIÓN **CURSO DE DIRECTOR DE TEMPO LIBRE 2013**

Para tramitar a inscrición neste curso deberán seguirse as seguintes normas:

- O curso é 150 horas teóricas e 150 horas prácticas que se realizarán en actividades do Concello. A parte teórica realizarase en horario intensivo as fins de semana (sábados e domingos de 09.00h a 14.00h e de 16.30h a 21.30h), do 16 de marzo ó 18 de maio.
- Será obrigatorio estar censado/a, ou no seu defecto estudar ou traballar na cidade de Lugo, sendo necesario nestes dous últimos casos presentar documento que o acredite. Tendo preferencia os/as censados/as na cidade.
- O curso está destinado a rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos que cumpran os seguintes requisitos:
 - Estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre.
 - Posuir, a lo menos, un título de ensinanza secundario.
 - Acreditar unha experiencia de traballo como monitor no campo da educación / animación no tempo libre de, a lo menos, 250 horas ou como integrante do equipo de animación en colonias ou campamentos por un total de 30 días, despois da obtención do título de monitor.
- A inscrición realizarase na Casa da Xuventude e para a matrícula é necesario presentar a seguinte documentación:
 - ❖ Fotocopia DNI
 - ❖ No caso de non estar censado/a en Lugo é necesario presentar a matrícula do centro de ensinanza ou documento que acredite estar traballando dentro do Concello de Lugo.
- No caso de estar admitido haberá que presentar a maiores, a seguinte documentación:
 - ❖ Fotocopia do certificado ou do diploma de monitor de tempo libre.
 - ❖ Fotocopia do título de secundaria, equivalente ou superior.
 - ❖ Acreditación da experiencia de traballo como monitor requerida.
- O prazo de inscrición é ata o 13 de marzo, no caso de non cubrirse as prazas, o prazo quedará aberto ata o 22 de marzo.
- No caso de que o número de solicitantes sexa maior que o número de prazas realizarase un sorteo aberto ao público que terá lugar na Casa da Xuventude o día seguinte o peche das inscricións ás 10:30 horas.

Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

XUVENTUDE

Refª: Bases de participación DTL

Asunto: Bases de participación curso Director de Tempo Libre 2013

- Será necesario asistir a un 80% das horas para poder recibir o diploma.
- A matrícula é de 25,75€ e ingresarase no número de conta facilitado polo Concello, antes do comezo do curso. O recibo terá que entregarse na Casa da Xuventude nos periodos indicados pola organización. **As matrículas só se farán efectivas unha vez que se comunique a admisión no curso.**
- A participación neste curso implica a aceptación íntegra destas bases.
- A organización poderá introducir, se o cree necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento dos cursos.

Lugo, 25 de febreiro de 2013
A Orientadora Laboral

Asdo.: Mª José Pena Lage